

MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE



Save the Children



**XII Edición
Día do libro
Solidario**

Guía Didáctica

DOSSIER



Esta guía didáctica compoñe dun dossier con información e de propostas de actividades para as distintas etapas educativas. Ten como obxectivo converterse nunha ferramenta útil para os mestres, que complemente o seu labor de sensibilización achegando información sobre outras realidades que axude a fixar valores como a solidariedade, o respecto e a cooperación. Todo isto dentro dun contexto relacionado co día do libro e coa importancia da lectura na educación da mocidade.

Dirección:
Marisol Paniagua

Colaboración:
M^a Luisa Ortega del Val

Arte e maquetación:
Germán Gullón

Edición:
Save the Children España



LIMIAR

No curso 2019-2020 celebramos a XII edición da campaña Marcapáxinas pola Solidariedade, encadrada no Día do Libro Solidario, traballando os marcapáxinas e a solidariedade cos dereitos dos nenos e nenas rohingya. Trátase dun grupo étnico descoñecido pola maioría de nós que vive unha situación de total vulnerabilidade nun campo de refuxiados de Bangladesh, logo fuxir en masa da veciña Myanmar, a súa patria.

Nesta publicación poderedes coñecer algo máis da súa historia e, sobre todo, da súa vida e das dificultades que confrontan diariamente, en especial os menores, os máis vulnerábeis.

Tamén vos recomendamos visitar a nosa web, onde poderedes atopar recursos audiovisuais (vídeos, fotos) e, particularmente, testemuñas que vos permitirán coñecer e poñerlle cara á traxedia, e ensinarlles aos vosos alumnos e alumnas quen son os nenos aos que van axudar.

Desexámosvos un Día do Libro cheo de lectura e solidariedade.



savethechildren.es/rohingya

DOSSIER ROHINGYA

ROHINGYA: UN NOME DIFÍCIL DE PRONUNCIAR, UNHA HISTORIA DIFÍCIL DE CONTAR

Quen son?

O rohingya é un pobo de case un millón de persoas que moraba no norte do estado de Rakhine, en Myanmar. Falan a lingua rohingya, un dialecto bengalí, e son de relixión musulmá nun estado budista. Myanmar négalles a cidadanía por consideralos inmigrantes bengalís e non birmanos malia levaren séculos vivindo no seu territorio. Son unha das minorías étnica e relixiosa máis perseguidas do planeta.

Após anos de persecución e guerra entre o goberno militar birmano e a milicia rohingya, un ataque dos milicianos aos militares en agosto de 2017 resultou nunha represalia extremadamente violenta do exército contra todo o pobo que provocou a fuxida masiva da poboación á veciña Bangladesh. Escapaban coa roupa posta, percorrendo longas distancias a pé, por terreos arrasados, xunglas e montañas. O último atranco era o río Naf e chegar á zona de Cox's Bazar, en Bangladesh. Os que non sabían nadar morrían.

O relato dos que chegaban ao campo de refuxiados de Cox's Bazar é terrible. Episodios de extrema violencia, con casos de asasinatos, incendios de casas e abusos sexuais contra persoas adultas, mozos e nenos.

“Levaba unha camisa vella e quiteina para atar a perna de Marium. Berraba por mor da dor da súa perna, por perder o seu pai e por ver como disparaban á súa irmá. Collina no colo e marchei correndo daquel lugar”.

Rafiq, tío de Marium



Os rohingya non queren retornar a Myanmar ata os seus dereitos e as condicións seren seguras. Entrementres, os nenos e nenas necesitan ter acceso á ensinanza nos campamentos, unha alimentación saudábel e atención sanitaria.

Sen o estado de refuxiado legal non poden traballar en Bangladesh, os máis pequenos non poden ir á escola formal e son susceptibles de sufriren abusos e violencia. Son familias sen futuro e dependen das organizacións humanitarias para sobrevivir.


O CAMPO DE REFUXIADOS MÁIS GRANDE DO MUNDO

Cox's Bazar, en Bangladesh, é un campo de refuxiados no que o 55% son menores.

A dependencia da axuda humanitaria é total e os problemas e necesidades multiplícanse. A situación de superpoboación e insalubridade facilita a propagación de doenzas e as baixas temperaturas son perniciosas para a saúde dos máis novos. Comida, auga potábel, refuxio ou acceso á atención sanitaria son esenciais para todas as persoas do campo.

Moitos nenos chegaron sós, traumatizados e fementos após ver morrer os seus familiares. A súa vida no campo de refuxiados é sempre moi difícil.

Un millón
de persoas **vive no**
campo de Cox's Bazar



*“Mataban a xente xusto ó noso carón e queimaron a nosa vila.
Ramad viuno todo, deixou de comer e non volveu falar”.*

Shahina, nai de Ramaz



VIVIR NUN CAMPO DE REFUXIADOS NON É SINXELO




SAÚDE E NUTRICIÓN

Os nenos e nenas son máis vulnerábeis, viven con maior precariedade, confrontan situacións de fame, doenzas da pel, problemas respiratorios, diarreas por consumir auga en mal estado e estrés derivado das súas vivencias.



PROTECCIÓN

Moitos nenos e nenas realizan tarefas domésticas como recoller leña ou auga en condicións moi malas, con choiva e percorrendo grandes distancias. Os menores, en especial as nenas, teñen medo de seren asaltados e sufrir algún tipo de violencia. As zonas de baño do campamento non teñen privacidade e as nenas teñen medo de ir soas.



EDUCACIÓN

As condicións do campo e a falta de espazos axeitados vai en detrimento da educación de todos os nenos e nenas, non hai zonas de xogo que lles permitan superar os traumas vividos e a superpoboación é un factor que tampouco xoga a prol da educación.

Os menores non acompañados, os bebés que nacen no campo e os menores de 5 anos son os grupos máis vulnerábeis.



“Non temos un fogar axeitado. Non temos cartos, non temos berce nin roupa para o noso bebé. Estamos moi preocupados e con medo”.

Bitani

AS NECESIDADES MÁIS URGENTES

- **O 100% da poboación** necesita asistencia alimentaria.
- **453.000 cativos e cativas** non teñen acceso a ningún tipo de educación.
- **36.000 familias** necesitan un sitio seguro onde refuxiarse.
- **62.811 menores de cinco anos** necesitan tratamento para a súa desnutrición.
- **120.000 mulleres embarazadas e lactantes** necesitan complementos nutricionais con urxencia.
- **36.373 menores que están sós** necesitan protección.

QUE ESTÁ FACENDO SAVE THE CHILDREN?

Bangladesh ten unha poboación de 160 millóns de persoas e é un dos países máis pobres de Asia. Non ten a capacidade nin os recursos para responsabilizarse dos refuxiados rohingya.

Desde Save the Children:

- Ofrecemos refuxio **de emerxencia, comida e utensilios de cociña básicos** desde que chegan ao campo de refuxiados; de feito, ata o de agora xa levamos atendido a máis de 30.000 familias.
- A nosa unidade sanitaria para emerxencias dispón dun equipo médico, enfermeiros e forenses expertos, ofrece asistencia sanitaria, nutricional e de hixiene e traballa para evitar o esporeamento das doenzas. Diriximos **nove centros de saúde** de atención primaria en Cox's Bazar. **Tamén estamos a traballar en novas áreas para nais e bebés** onde se realizan os tratamentos e o seguimento para os casos de desnutrición grave.
- Máis de 30.000 familias recibiron **artigos de hixiene** co fin de evitar o esporeamento de doenzas e trabállase na instalación de máis de 500 latrinas.
- Artellamos sistemas de protección para os nenos e nenas que chegan sós ou que perderon as súas familias. Dispoñemos de **86 espazos seguros** para a infancia onde os menores van xogar. Temos en funcionamento **110 centros de ensinanza temporal** nos que se reparte material escolar e se dan aulas a máis de 10.000 nenos e nenas.

Save the Children está presente en Bangladesh desde 1970 **e levamos traballando na crise rohingya desde 2012 en Cox's Bazar.**

PROPOSTA DE AULA

A lectura é fundamental para coñecer, comprender e sentir as realidades alleas. Combinar lectura e solidariedade ten efectos positivos sobre a dignidade, a xenerosidade e o bo trato da infancia e mocidade. No Día do Libro Solidario, desde Save the Children queremos fomentar a participación entre iguais a fin de dignificar as nenas e nenos do mundo.

Temos de dar a coñecer a violencia que se exerce a diario contra millóns de nenos e nenas. As familias, a escola e Save the Children queremos o mesmo: un mundo acoledor para os nenos e as nenas dende que nacen. É responsabilidade dos adultos, das escolas, das comunidades e dos estados cooperar para crearmos as condicións axeitadas, as oportunidades de protección e educación precisas para os nenos e nenas desenvolveren unha vida adulta sa, construtiva e sostíbel.

OBXECTIVOS

- Favorecer experiencias educativas de participación pola defensa dos dereitos humanos e dereitos específicos da infancia.
- Fomentar a sensibilidade, emoción e implicación por ser parte dun mundo máis xusto mediante a lectura, o respecto e a xenerosidade.
- Facilitar a posibilidade de participar a prol dunha vida digna das nenas e nenos rohingya.

CONTIDOS

- Ladaíñas, poesías, contos, libros.
- Dereitos humanos e dereitos específicos da infancia.
- Bo trato, solidariedade, coidado, escoita, mundo, ben común...
- Conflito, violencia, maltrato, refuxiados, etnia rohingya.

COMPETENCIAS

- Escoita, análise e reflexión.
- Expresión xestual, oral e escrita.
- Traballo en grupo, intercambio e acordo.
- Creatividade e comunicación.
- Participación, responsabilidade individual e colectiva.



METODOLOXÍA

O traballo en grupo, a comunicación, a participación, a lectura e a expresión creativa como procesos a prol da dignidade e da defensa dos dereitos da infancia.

No deseño das actividades téñense en conta tres procesos metodolóxicos que se axustan á aprendizaxe curricular dos diferentes niveis educativos:

COÑECER

Proceso de escoitar, descubrir e comprender a información.

REFLEXIONAR

Proceso de análise para extraer conclusións individuais e de grupo.

PARTICIPAR

Proceso de acción e creación responsábel a prol da comunidade, cuxo obxectivo é a xustiza e a igualdade de oportunidades.

AVALIACIÓN

Ao finalizar a proposta didáctica propoñémoslle ao profesorado e alumando que compartan a súa valoración sobre o resultado da actividade e envíen a Save the Children documentación (fotos, mensaxes, artigos, vídeos, etc.) sobre a experiencia.

Rohingya é unha etnia musulmá que fuxiu do seu país de orixe, Myanmar (antiga Birmania). Escaparon da violencia, as torturas, a discriminación e as violacións para instalarse en campos de refuxiados do país veciño, Bangladesh. Milleiros de persoas deixan atrás as súas vidas, casas para deviren “refuxiados”. As persoas refuxiadas vense perante a necesidade de abandonar os seus países e escapar do acoso e a violencia. Malia a dor e a desesperación, teñen de mirar cara diante. Por iso cómpre garantir espazos sen violencia nos conflitos e darlles seguridade aos nenos e nenas para que poidan construír o seu futuro e salvar as súas vidas.

As organizacións de axuda humanitaria e cooperación precisamos das persoas, das familias, dos profesionais da ensinanza, dos estados e de toda a sociedade civil para defendermos os dereitos humanos e dereitos específicos da infancia, coa participación e colaboración de todos e todas.

Desde Save the Children queremos que os centros de ensinanza participen no noso Día do Libro Solidario por medio da campaña “Marcapáxinas pola Solidariedade”. A solidariedade é unha emoción sentida para mudar o mundo, para querermos facer del un lugar máis xusto e unha boa lectura achéganos á realidade, cos valores para reforzar, coas emocións, motívanos a tratar de mellorar o mundo no que vivimos.

O material didáctico proposto ofrece outro xeito de ollar a realidade do mundo, convidando a saír do consumismo, o egocentrismo e favorecendo a participación a prol da xustiza, a igualdade de dereitos e a dignidade.

“AS NOSAS MANS CONTAN HISTORIAS”



30-40 min

PROPOMOS

Mediante xestos e palabras, tratar a historia e situación da etnia rohingya. As nosas mans contan historias de nenos e nenas doutras partes do mundo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

1. Convida a realizar un mural coas pegadas das mans de todos os nenos e nenas da aula.
2. Conta unha sinxela ladaíña acompañada do xesto das mans como protagonista, repite a expresión xestual da ladaíña ata que os nenos e nenas a aprendan.

*“**BICOS** para nenos e nenas rohingya
ABRAZOS para nenas e nenos rohingya
Que saíron da súa **CASA**
Para seren **BEN TRATADOS**”*

Coas palabras BICOS, ABRAZOS, CASA e BEN TRATADOS, a mestra emprega a súas mans para representar a ladaíña (ex. BICOS: cos dedos pegados, chocamos suavemente as nosas mans contra as fazulas. ABRAZOS: abrazámonos a nós mesmos. CASA: unimos as nosas mans en forma de tellado e subímolos cara arriba. BEN TRATADOS: aloumiñamos amodo a nosa cara coas nosas mans.

3. Movémonos pola aula e repetimos a ladaíña con diferentes ritmos, texturas, sensacións e sentimentos. Finalizamos a actividade xuntos, no centro da aula, recitando con moita forza a ladaíña.

PRECISAS




Papel continuo e pinturas de diferentes cores..

SUXESTIÓN

A mestra decora o mural coas mans dos nenos e nenas e coa ladaíña para as nenas e nenos rohingya.

AO REMATAR

A mestra pode ler un conto sobre o coidado e o bo trato.



«AGOCHO DE LIBROS INVENTADOS»



45-55 min



PROPOMOS

Crear títulos de libros para conectar coa dignidade das nenas e nenos rohingya, reforzamos a conexión coa unidade de grupo e o descubrimento.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

1. Pegar palabras nun mural: respecto, escoita, mundo, coidar, bo, apoio, vida, casa, refuxiados, acolledor, fermosos, amor, amizade, protexer, abrazo, bo trato, participar, expresar, terra, planeta, comida...
2. Contámoslle ao grupo quen son as nenas e nenos rohingya. Cada participante escolle dúas palabras do mural e inventa o título dun libro para nenos e nenas rohingya, e escríbeo nun papel de cores.
3. A mestra dálle un número por orde a cada participante da aula, os tres primeiros números collen o seu título de libro e agóchano, namentres o resto do grupo se arrexunta nun espazo da aula e contan ata dez. O grupo ten que atopar os títulos agochados. *Importante: teñen que ir a cámara lenta.* A dinámica repítese ata todos agocharen o seu título inventado.



PRECISAS

Follas de cores, pinturas, papel continuo e rotuladores.

SUXESTIÓN

Tamén se poden agochar máis títulos xuntos, 4 ou 5 nenos agochan e o resto buscan.

AO REMATAR

Todos os nenos e nenas pegan o título do seu libro no mural de palabras e a mestra finaliza a actividade coa lectura dun poema ou o fragmento dun libro da súa escolla.



«A VIDA DO REVÉS»



50-60 min

PROPOMOS

Reflexionar en grupo para involucrarse en accións que poñan a vida ao dereito.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

1. Créanse cinco grupos de traballo na aula con cadansúas premisas, nas que se indica que a vida está do revés:
 - a. A lectura achéganos amigos descoñecidos, fainos ser persoas espelidas e libres, mais a meirande parte da xente ve a TV durante moito tempo.
 - b. A violencia e o maltrato fan sufrir as persoas, pero moitas veces a xente emprega o maltrato como forma de relación.
 - c. escoitar é moi importante para descubrir e aprender, pero moitas persoas só queren que as escoiten.
 - d. Os gobernos existen para buscar o ben común e o benestar dos seus cidadáns, pero hai moitas persoas que teñen que fuxir dos seus países.
 - e. Ninguén debería permitir que as nenas e nenos vivan sen os seus dereitos estaren cubertos, mais son millóns os que viven situacións de desnutrición, violencia, maltrato, carencia de recursos... e moitos son tamén os que teñen que marchar das súas casas para refuxiarse noutro país.
2. Cada grupo realiza un cartel coa premisa, a mestra le cada un dos carteis, colócaos na aula e deixa 3 minutos por cartel para cada grupo pensar en “accións para pór a vida ao dereito, porque hai dereitos”. Cada grupo pensa en accións que estean nas súas mans para pór a vida ao dereito.
3. 3- Unirte a máis compañeiras e compañeiros é unha clave para comezar a pór a vida ao dereito. Realízase un traballo en común onde se recollen as accións pensadas, cada grupo escolle unha acción para implementar e comezar a poñer a vida ao dereito... pode ser a lectura dun bo libro, pode ser tomar consciencia de saudar con amabilidade, pasar un día escoitando activamente...

PRECISAS

unha premisa por grupo, cartolinas e pinturas, bolígrafos e folios.

SUXESTIÓNS

Pódese simplificar o contido das premisas para adaptalas ás idades máis pequenas. Tamén se pode facer un calendario semanal ou mensual de accións para pór a vida ao dereito.

AO REMATAR

Realízase unha rolda preguntando, “somos importantes para pór a vida ao dereito?”



«A MAXIA DE ESCRIBIR»



50-60 min

PROPOMOS

Unha experiencia literaria para ampliar o xeito de pensar, sentir e vivir. A linguaxe, a expresión e a creación literaria é un mundo máxico, atrevémonos a crear e propor un salto expresivo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

1. Realízanse grupos de traballo de cinco participantes cada un. Cada grupo ten 10 minutos para:
 - a. Dar dúas razóns importantes para ler libros.
 - b. Expresar a importancia da solidariedade.
 - c. Falar da importancia da lectura para o pensamento.
 - d. Dicir o que cree que sente un neno refuxiado que tivo que saír do seu país, escapando da violencia.
 - e. Emocionar cunha conclusión sobre a maxia de escribir.
2. Recóllense as creacións dos grupos e repártense de novo, dándolle a cada grupo unha única creación, mais recollendo o apoio literario do resto dos grupos e dándolle forma de novo á expresión noutros 10 minutos:

Grupo 1. “Razóns importantes para ler libros”.
Grupo 2. “Por que é importante ser solidario”.
Grupo 3. “Ler desperta e despexa o pensamento”.
Grupo 4. “Que sente un neno refuxiado”.
Grupo 5. “Conclusións sobre a maxia de escribir”.
3. Compartir as creacións. Cada grupo comparte as creacións realizadas e descubrimos a maxia de escribir.



PRECISAS

Pautas para grupos, bolígrafos e folios.

SUXESTIÓNS

Cada grupo desenvolve a súa expresión creativa por unha soa cara, para poder recortar e pasar a outro grupo. É interesante darlle difusión ás creacións realizadas nas redes sociais do centro escolar, carteis, revistas...

AO REMATAR

Nunha rolda opinamos se escribir ten algo de máxico.



«MARCAPÁXINAS PARA LECTORES SOLIDARIOS»



PROPOMOS

Realizar a decoración de Marcapáxinas despois ou durante a lectura de poemas e fragmentos literarios relacionados co bo trato, o coidado e a vida con dignidade. Todo o centro escolar, de maneira conxunta, realiza Marcapáxinas, e o alumnado vai pensando en lectores solidarios da súa contorna próxima para intercambiar con eles as creacións e apoiar a participación pola defensa dos dereitos humanos e dereitos específicos da infancia.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

- Búscase un espazo no centro onde realizar, de maneira conxunta, a decoración de marcapáxinas solidarios e a lectura de fragmentos, poesías, ladaíñas sobre o bo trato, a xenerosidade e a solidariedade.
- Durante a xornada, o alumnado crea marcapáxinas para intercambialos con “lectores solidarios” da súa contorna.
- Infórmase sobre quen é un lector solidario. Un lector solidario responde con claridade a algunha das seguintes características:
 - Un lector solidario ten interese pola lectura.
 - Un lector solidario recoméndanos un libro que lembra con agarimo.
 - Un lector solidario ten unha fermosa palabra para a solidariedade.
 - Un lector solidario participa intercambiando unha pequena doazón económica por cada marcapáxinas, para axudar por un mundo máis xusto.
- Mozas e mozos intercambian os marcapáxinas creados con lectores da súa contorna que identifiquen como lectores solidarios.

SUXESTIÓN

A escoita das lecturas, os fragmentos e poemas pode suxerir a inspiración na decoración dos marcapáxinas solidarios.

É interesante expor os marcapáxinas creados antes de intercambialos cos lectores solidarios.

PENSA QUE

o obxectivo de participar dun intercambio de marcapáxinas por pequenas doazóns é formar parte dun mundo máis xusto, onde a dignidade, os dereitos humanos e os dereitos específicos da infancia sexan unha realidade para todos. E a implicación do alumnado e a motivación pola actividade son fundamentais para o bo funcionamento da proposta.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA PARTICIPACIÓN.

PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE «MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIDADE»



¿Podemos solicitar máis material se temos máis participantes?

Si, podedes pedir máis material no correo electrónico diadellibro@savethechildren.org ou por teléfono. Chegaravos ao centro nuns poucos días.

Temos que vender todos os marcapáxinas?

Non é unha venda corrente, a idea é que os lectores solidarios realicen unha doazón a cambio do marcapáxinas decorado, apoiando dese xeito os alumnos e alumnas.

Cando recolla os cartos dos alumnos, como llo entrego a Save the Children?

Unha vez recollidos os cartos dos patrocinadores, o centro ingrásaos na seguinte conta:

BANCO SANTANDER
ES24 0049 1837 5829 1024 8925

Pódese facer por transferencia ou ingreso en efectivo.

Pode haber problemas por facer o ingreso en efectivo?

Depende da oficina da entidade bancaria. Antes de ir recomendámosvos que visitedes na nosa web un espazo onde poderedes atopar algúns consellos e documentos que vos poden ser de axuda para evitar negativas do banco para o ingreso.

Podemos ingresar os cartos noutra entidade bancaria?

Temos contas noutras entidades bancarias, neste caso é recomendable que vos poñades en contacto co Departamento de Programas en Centros Escolares. Facilitarémvos outras posibles contas bancarias de ingreso e indicarémvos os pasos que teredes que seguir.

É importante indicar o nome do centro que efectúa o ingreso?

Si, é moi importante por **o nome e localidade**, deste xeito poderemos enviarvos o diploma de agradecemento ao centro, e este pode estenderse a toda a súa comunidade educativa.

Se tivermos algunha dúbida, onde e con que podemos resolvela?

Podedes contactar co Departamento de Programas en Centros Escolares, no correo:



diadellibro@savethechildren.org

sol.paniagua@savethechildren.org (Marisol Paniagua, coordinadora de programas)

nieves.garcia@savethechildren.org (Nieves García, técnico de avaliación)

Tel.: 91 513 05 00



Marcapáxinas pola Solidariedade é unha proposta educativa que achega aos escolares a situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas vítimas de conflito, co obxectivo de acadar fondos para os proxectos de supervivencia infantil que Save the Children realiza, e coñecer os dereitos da infancia a través das propostas didácticas presentadas nesta guía.

Colaboran:

TOURLINE[®]
EXPRESS
Como si lo llevaras tú mismo



SOBREVIVIR
APRENDER
ESTAR PROTEXIDO



Save the Children